

PREGUNTA DE AER SOBRE OS PAGOS A AQUALIA POLO USO DA EDAR DE TEIS.
(Rex. Entrada 24.10.2018, 2018-E-RPLN-19)

PLENO 25 OUTUBRO 2018. ACTA 12/2018

Tendo en conta as seguintes consideracións:

- Durante estes dous mandatos do Partido Popular preguntamos varias veces polo custe da EDAR de Teis.
- Primeiro respondeuse que non había caudalímetro que medira os metros cúbicos que se depuraban.
- Despois resultou que si que había caudalímetro, e podíamos determinar os m³ que se trataban.
- Seguimos observando que se factura unha cantidade fixa en vez de por m³ tratados, en concreto 89.940 m³ por mes.

Descoñecemos se o responsable de Medio Ambiente ou o responsable de Economía teñen algunha explicación para este modelo de “eficacia económica” de pagar sen control por un caudal que coñecemos e podemos medir.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Poden dicirle a este pleno do Concello de Redondela cantos metros cúbicos reais se teñen derivado á EDAR de Teis e cantos se teñen pagado?”

Resposta: A concelleira Amoedo Dasilva resposta que o que se factura é 1.094.270 €, correspondendo a 2.998 m³ día.